

Sinopse do libro en palabras do propio autor:

Nota do autor

Tentei dar o mellor de min neste feixe de poemas, como castañas no outono ou como amorodos, tentei xuncir palabras sentidas que puidesen cobrar vida, amor, alegría... Igual que meu pai gadañaba en Castromao, roldro a roldro, á mañanciña, ou miña mai fiaba no fuso a la que nos abrigaría no inverno. E así, deste xeito, agradecer o legado, o traballo e a entrega dos meus antepasados labregos. Quixen voltar ás miñas orixes, ao río, á herba, ao Son, á Fala primeira. Quixen voltar á miña Aldea Galega, e se, finalmente, o resultado do intento se achega á intención e ao corazón que lle puxen, síntome feliz de poder devolver en forma de canción-libro, de agasallo agradecido, o muito que teño recibido dos meus, da Terra e de Galiza.

Biografía do poeta Vicente Reboleiro:

Naceu na aldea de Ferramulín do Courel, o 7 de outubro de 1957. Alí foi á escola de Dña. María, en Hórreos, e pasou a súa infancia en compañía das vacas e dos paxaros. Posteriormente fixo Bacharelato e Maxisterio na cidade da Coruña. Exerceu como mestre en diversos lugares de Galiza e licenciouse en Filoloxía Hispánica (galego-portugués) pola Universidade de Santiago de Compostela. Publicou, en colaboración con Xoán Carlos Albarellos Codesido, *Aires da festa* (Baía Edicións, 1993) caderno didáctico sobre as festas tradicionais galegas. No ano dedicado ao seu amigo, mestre e veciño, Uxío Novoneyra, viu a luz o seu primeiro poemario: *Prenderei a lareira* (Baía Edicións, 2010). Actualmente é profesor de Lingua Galega e literatura no IES Eduardo Blanco Amor de Culleredo.